



xullo2008

oficina de
consumocoeticor

www.coeticor.org

consumo@coeticor.org

ConsumoCoeticor alerta da última estratexia de confusión das eléctricas cara aos seus clientes de tarifa nocturna

Historia dun despropósito. Primeiro apremouse aos confundidos clientes de tarifa nocturna aburándolles para que adaptasen as súas instalacións por un "módico" prezo que roldaba os cen euros. Entón o Goberno paroulles os pés ás eléctricas e, por decreto, obrigoulles a devolver eses ingresos.

Cabe a pregunta, iso si, de cantos dos pobres usuarios reclamaron xa esa devolución e cantos, por descoñecemento, acabaran regalando esa contía ás empresas; en definitiva, canta caixa fixeron xa con aquela primeira estratexia comercial.

Despois, e nun golpe de efeto, o propio vicepresidente de Unión Fenosa verbalizaba a súa solidariedade cos máis desfavorecidos cualificando de erro a supresión da tarifa nocturna por parte do Goberno. Creíbel e loable se, a estas palabras e en cuestión de semanas, non lle sucedese o envío de cartas



informativas aos afectados propóndolles, de maneira xenerosa, o cambio de potencia sen custo algún -a primeira vez- e unha moratoria até outubro para o traspaso ao novo sistema tarifario. Enxeño botáronlle, iso hai que recoñecelo. Pero con trampa e cartón. Se o usuario de tarifa nocturna non está espabilado acabará vendo como a que queda fixada é a potencia que consume

durante o día, e cando o frío chegue -pasado outubro- acenderá os seus acumuladores e saltará o automático. Entón darase conta de que a potencia contratada non chega e solicitará un cambio, o segundo, ao que xa se aplicará un custo, claro.

Mentres tanto, o Goberno central está a buscar na súa chistera un parche que acale o balbordo. Pero coa maxia xa se sabe, non sempre saen coellos brancos. De feito, aínda non se coñece ben que é o que articularán e cantos dos afectados poderán acollerse, realmente, a esa tarifa social

tan publicitada. O malo é que o tempo se acurta e os consumidores e usuarios están cada vez máis confundidos tal e como detecta a Asociación de Consumidores vencellada a Coeticor, ConsumoCoeticor, que non baixa a garda na súa obriga de non faltar aos máis de 1.500 afectados que confiaron nela dende que empezou todo o conflito da Tarifa Nocturna.

SUMARIO

2

- SABER QUEN CHAMA COSTA CARTOS
- SMS CON TRAMPA
- PARQUES INFANTÍS INSEGUROS

3

- QUEN QUERES QUE CHE DEA GAS?

4

- PILULAS MILAGRE?
- CAFÉ BO E POR RIBA A PREZO XUSTO
- ES O QUE COMES: AS GRAXAS

Inconcrecións, falta de información e o consumidor en risco...

ConsumoCoeticor aconsella aos afectados unha fórmula sinxela para protexer o seu peto. Trátase de que, antes do 1 de xullo, comuniquen á súa compañía eléctrica, por escrito e certificado, o seu desexo de acollerse a unha determinada potencia (a que necesiten cando máis consomen, isto é, no inverno) unha vez entre en vigor o sistema de discriminación horaria.

Así, ese primeiro cambio de potencia, cando chegue, non terá para eles custo algún. Salvo iso, paciencia ante os acontecementos. Desde

a Asociación de Consumidores Coeticor suxírese esperar a ver lexisladas as axudas anunciadas estes días polo Goberno antes de tomar calquera outra decisión, dado que aínda se está perfilando e tampouco se coñece de certo o colectivo que poderá beneficiarse da denominada "tarifa social".

A Asociación recorda que o Real Decreto regulador do cambio de tarifa nocturna que terá lugar o próximo día 1 de xullo especifica unicamente que ha de ser unha operación "gratuita" para os usuarios. A ver se si.

Identificación de chamadas, de servizo gratuíto a prestación de pago

Moitos clientes de Telefónica notarán un incremento na súa factura de teléfono. Desde o 10 de xuño deste ano 2008 a compañía cobra aos usuarios o servizo de identificación de chamadas, unha prestación que ata agora ofrecía gratuítamente.

Segundo cálculos da propia operadora, a medida afecta a dous millóns de clientes. Telefónica cobrará pola identificación da chamada entrante 0,50 euros máis IVE (0,58 euros) ao mes a aqueles usuarios que non teñan contratado ADSL ou unha tarifa plana de voz.

A Asociación de Consumidores de Coeticor, ConsumoCoeticor, denuncia unha vez máis o desamparo dos usuarios ante as prácticas das empresas de telefonía. Para os responsables da entidade a decisión de Telefónica é "unha ruptura unilateral de contrato por parte da empresa".

A Asociación vinculada al Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais sinala que a medida infrinxe a lei de Protección dos Consumidores. "Unha vez máis os usuarios están a expensas das grandes multinacionais", di Graciela Damil, responsable técnica da Oficina de ConsumoCoeticor. A Asociación recalca que



hai millóns de clientes que teñen activada por defecto a identificación de chamadas sen que nunca a solicitaran e lémbbralles aos consumidores afectados que poden darse de baixa chamando ao teléfono 1004.

Outras asociacións de consumidores expresaron xa o seu temor de que esta medida só sexa un dos síntomas da intención da empresa operadora de levar a cabo unha subida encuberta de prezos.

Coidado cos SMS non solicitados!

A Oficina de Consumo de Coeticor recibiu nos últimos meses queixas de usuarios relacionadas coas mensaxes telefónicas que ofrecen servizos ou descargas gratuítas. Estes SMS esconden en moitas ocasións "trampas" para vincular ao usuario a prestacións non desexadas e polas que se paga o prezo correspondente. Ante esta situación, ConsumoCoeticor súmase a advertencia pública que realizou a Asociación de Empresas de Servizos a Móviles (Aesam), entidade que reúne ao 80 por cento das empresas máis importantes do sector en España. As mensaxes SMS fraudulentas utilizan técnicas de mercadotecnia social para confundir ao consumidor. A fraude consiste en facerlle crer que o emisor da mensaxe é unha persoa coñecida e animalo a xerar unha resposta. Cando esta se produce, o usuario pode quedar suscrito a un servizo sen sabelo, ou verse animado a enviar repetidos mensaxes SMS Premium, cun custo de ata 1,2 euros cada un. As empresas asociadas en Aesam advirten que as compañías que actúan deste xeito non se identifican correctamente, non facilitan mecanismos de baixa e adoitan estar radicadas no estranxeiro para eludir calquera tipo de denuncia.

A seguridade dos parques infantís galegos deixa bastante que desexar

Desde o 10 de maio deste ano está en vigor o Decreto 245/2003, no que a Xunta de Galicia determina as normas de seguridade que han de cumprir os parques e áreas de xogo infantís na comunidade autónoma. Coeticor fixo un esforzo por concienciar aos concellos galegos sobre este tema. E non é unha cuestión menor.

O Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais constatou a preocupante situación actual de moitos destes parques, algúns deles de moi recente implantación. Ata certificou casos de áreas que aínda están sen inaugurar e que incumpren ás claras a normativa recollida no antedito

decreto. Máis da metade destes recintos non están adaptados á norma e homologados. Cumprir os requisitos de seguridade segue sendo unha materia pendente, tal e como se revelou no Estudo de Situación de todos os parques de Galicia realizado por Coeticor por encargo da Xunta, ou no máis recente Estudo de Seguimento e Aplicación do Decreto 245/2003. O Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña fai un chamamento aos concellos para que se poñan a pila nesta materia, e lembra que o Decreto da Xunta de Galicia dá un prazo de cinco anos para a adecuación destes recintos de lecer ás normas nel recolleitas.



Gas natural: borrón e conta nova

Dende o 1 de xullo os consumidores poden elixir con quen contratar

cambio

Os cambios normativos derivados da adaptación do sistema español ao comunitario obrigan ao noso país a separar xurídica e funcionalmente as actividades de distribución e as de comercialización do gas natural. Dende o 1 de xullo, a distribución continúa a estar regulada, pero a comercialización

pasa a se realizar baixo o sistema de libre competencia, é dicir, deixa de ter vixencia o sistema de tarifa regulada que imperou no sector ata o de agora. Desde ese día, quedaro extinguidos automaticamente os contratos de subministración a tarifa realizados entre empresas distribuidoras e consumidores. As empresas subministradoras non poden xa por lei fornecer directamente aos consumidores. Estes terán a partir de agora que contratar este servizo coas novas empresas comercializadoras.

motivo

A nova realidade do sector do gas que se impón en España desde o primeiro de xullo é un imperativo da Directiva 2003/55/CE sobre normas comúns para o mercado interior do gas, que aprobaron en xuño de 2003 o Consello e mailo Parlamento europeos. A súa finalidade é establecer as bases

comúns para o mercado interior desta materia prima. A normativa europea obriga aos estados membros a establecer un mercado interior de gas natural plenamente liberalizado, do que se poida derivar unha maior competencia, redución de prezos e mellora do servizo ao consumidor final. A Lei 12/2007 remata a transposición da norma europea, establecendo a separación xurídica e funcional no mercado liberalizado das actividades de transporte, distribución, regasificación e almacenamento da de comercialización.

feitos

A adaptación á Directiva comunitaria obriga ás empresas distribuidoras a transferir a súa carteira de clientes a unha empresa comercializadora de gas natural. Estas últimas serán a partir de agora o elo co cliente. Os consumidores poderán elixir a empresa comercializadora que desexen. Se antes do 1 de xullo

non realizaron o contrato cunha distinta, automaticamente a subministración a partir desa data foi asumida pola empresa comercializadora do grupo que lle forneceu ata o momento o servizo. É un automatismo que se ten producido de forma xeneralizada polo desconcerto e descoñecemento dos consumidores. Con todo, como é obvio nun mercado liberalizado, o consumidor pode cambiar de comercializadora no momento que así o desexe sen custe algún, e elixir unha nova en función do prezo que lle ofrezca cada unha.

Nova tarifa "de último recurso"

A Lei 12/2007 dispón que as sociedades mercantís que desenvolven actividades de regasificación, almacenamento básico, transporte e distribución deben ter como obxecto social exclusivo o desenvolvemento desas actividades e en réxime regulado.

Desta forma as empresas distribuidoras que ata agora viñan fornecendo gas aos consumidores, víronse obrigadas a traspasar a unha empresa comercializadora a subministración directa aos consumidores. A Lei establece a creación dunha chamada "tarifa de último recurso".


Trátase do prezo máximo que poderán cobrar os comercializadores, un prezo máximo ao que poderán acollerse aqueles consumidores que cumpran as condicións establecidas por normativa vixente para esta tarifa. Este prezo máximo das comercializadoras fíxao o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, previo acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Desde o 1 de xullo, os consumidores que non opten por unha empresa comercializadora concreta pasaron a ser fornecidos por un comercializador de último recurso, pertencente ao grupo empresarial da súa antiga empresa distribuidora.

Se o grupo carecera de empresa comercializadora pasaron a ser fornecidos pola comercializadora do grupo empresarial da distribuidora con maior cota de mercado na comunidade autónoma.

ConsumoCoeticor recomenda aos usuarios que en primeira instancia escollan a tarifa de último recurso, aínda que non se axuste de todo ás súas necesidades. O motivo desta recomendación é que, se de partida optamos por elixir as

tarifas dunha comercializadora xa non teremos opción a acollernos despois á de último recurso. Desta, con todo, si se pode pasar a outra tarifa que nos conveña máis en función das nosas necesidades e o prezo.



Milagres que perxudican a saúde

Existen no mercado unha gran variedade de "fórmulas máxicas" para facer dietas que alegan "baixar en pouco tempo e fácilmente". A maioría non só non funcionan, senón que ademais poden conter químicos daninos e mesturas de substancias que poñen en serios riscos a saúde. Por exemplo, non hai que deixarse enganar polos produtos que afirman ser "Totalmente Naturais". As pilulas e medicamentos a base de herbas non estan reguladas e pode ser que nin sequera conteñan aquilo que din nas súas etiquetas. Poden tambien incluír demasiadas vitaminas ou minerais, ou mesmo unha combinación perigosa deles, que chega ser tóxica para o organismo.



Frecuentemente din "facer milagres" que estan lonxe de ser verdade. Sen ir máis aló, en xaneiro último Estados Unidos retirou do mercado tres marcas distintas de pilulas milagre e sancionou con severidade as empresas fabricantes. Xa no noso país, a propia Federación de Consumidores en Acción (FACUA) de Andalucía denunciou hai

pouco e ten xa solicitado a retirada do mercado dunhas pastillas, que se venden baixo a marca Rede Fizz, ante o Ministerio de Sanidade. Segundo explicou a agrupación, trátase dun produto que promete, tras seguir a "terapia de adelgazamento", a perda de ata 28 quilos

en tan só dous meses. "28 quilos en menos de nove semanas sen deixar de comer o que me apeteceu nin facer ningún tipo de ximnasia", expresa o suposto testemuño dunha persoa que se presenta na publicidade.

Así mesmo o anuncio asegura que as pastillas teñen unha "fórmula segreda, na que se inclúe o ácido dunha nova

froita, cuxa inmediata eficacia débese á acción efervescente que permite penetrar nas células de graxa que están enfermas, eliminándolas ata nos puntos máis difíciles. Esta publicidade, enganosa de seu, levou a FACUA a denunciar o produto, que se comercializa en toda España a través dunha empresa denominada "Nutralife".

CONSUMOCOETICOR CELEBROU O DIA INTERNACIONAL DO COMERCIO XUSTO CUNHA INICIATIVA SOLIDARIA

O café máis bo do mundo

Coincidindo coa recente celebración do Día Internacional do comercio xusto, a Asociación de Consumidores de Coeticor promoveu unha charla sobre este tipo de transacción solidaria. O protagonista foi o caficultor nicaraguano, Francisco José López Rodríguez, líder da Cooperativa A Unión, organización integrada por agricultores que venden toda a súa produción a través das redes desta variante de comercio solidario. Orixinario do municipio de Dipilto Nova Segovia, Francisco José López cultiva, xunto a toda a súa familia (nai e irmáns), distintas variantes cafeteras de xeito totalmente orgánico. Con esta iniciativa, ConsumoCoeticor quixo contribuír á difusión do comercio xusto e, daquela, a que os cidadáns coñezan esta fórmula de

compravenda e incorpórena aos seus hábitos de consumo.

A Asociación de Consumidores desenvolveu a charla en colaboración con Solidaridade Internacional de Galicia, organización coa que o Colexio mantén un convenio.

Coeticor é o único Colexio Profesional de Galicia que conta nas súas instalacións cun expositor de produtos desta modalidade de venda solidaria. Ademais de difundir e cooperar na promoción de produtos de comercio xusto, Coeticor implantou a compra verde na súa organización interna. O Colexio só usa elementos de consumo, como café e azucre, procedentes deste comercio.

ES O QUE COMES

Graxas ou lípidos, pura enerxía

As graxas, tamén denominadas lípidos, constitúen a enerxía de reserva do organismo. Estes nutrientes comportan o 30% do volume total calórico diario (un gramo achega 9 Kcal.) e a súa función tamén é esencialmente enerxética. A inxesta das graxas debe ser moderada. Un exceso das mesmas é prexudicial para a saúde, pois provoca enfermidades como a obesidade, colesterol ou arteriosclerose. Os lípidos están compostos por ácidos grasos e clasifícanse segundo as súas propiedades e estrutura química.

1- Ácidos grasos saturados. Son os formados principalmente por triglicéridos. Os alimentos que os conteñen proveñen do reino animal -excepto o aceite de coco e de cacao que se empregan para elaborar pastelería e bollería industrial- e son sólidos a temperatura ambiente. O seu consumo elevado está relacionado co aumento de colesterol sanguíneo e coa aparición de enfermidades cardiovasculares, por iso a súa inxesta debe ser moderada.

2- Ácidos grasos insaturados. Proveñen do reino vexetal -a excepción do peixe- e son líquidos a temperatura ambiente. O seu consumo está elacionado co denominado "colesterol bo".

Existen dous tipos, o ácido monoinsaturado, que debe representar entre o 13 e o 23% das graxas inxeridas. O seu mellor representante é o ácido oleico, presente en gran medida no aceite de oliva, que é beneficioso para a saúde ao diminuír os niveis do comunmente denominado "colesterol malo" e aumentar os do "colesterol bo".

Despois está o ácido poliinsaturado, que non debe superar o 10% das graxas inxeridas, pois o seu abuso pode ser prexudicial para a saúde. Este ácido contéñeno os aceites de semente, como o de girasol, e a graxa de peixe, entre outros alimentos.